

## **FERRADURA ABERTA 2005**

### **Paseo da Ferradura**

### **Parque da Alameda**

**Do 13 ao 29 de xullo**

### **Obradoiros: para aprender e facer**

Para saber facer hai que aprender antes e en Ferradura Aberta tes quen che ensine e tamén compañeiros e compañeiras cos que aprender. Que che gustaría regalarlle un cesto feito por ti á túa curmá? Que vas facer ti mesma o teu primeiro libro? Que a túa nai quedará encantada co retrato que lle vas pintar? Pois ven a Ferradura Aberta que tes obradoiros para facer un feixe de cousas:

#### **Cestería**

Vén de vello isto de facer cestos pero, a verdade, non pasa nunca de moda. Con vimbio, rotén, la ou fibras naturais poderás artellar cestos, testos ou outros obxectos, como se fai desde hai tantos anos. Coas túas mans e moi pouco máis.

#### **Arqueoloxía**

A caza na prehistoria, a fabricación e uso de ferramentas prehistóricas, a alfarería ou os adornos e amuletos, son diferentes propostas para traballar a arqueoloxía. Vén probar a Ferradura.

#### **Garabato de xogo**

Montaxe de xogos feitos con materiais de refugallo no que pode xogar todo o mundo. A orixinalidade, a súa sinxeleza e a dinámica que xenera: pode verse como uns inventos do TBO do profesor Franz de Copenhague, como un museo da ciencia caseira, unha ludoteca xigante; ten algo de todas elas, pero tamén de teatro de rúa, de animación, de exposición plástica, etc.

#### **Encadernación**

Podes facer os teus propios cadernos ou porlle tapas aos contos e poemas que tes por aí gardados. Tamén podes atreverte cun álbum de fotos ou de cromos ou preparalo para pegar todos os teus recordos, por exemplo, as follas das árbores da Alameda. Con materiais naturais e técnicas das de sempre abraiáras a todo o mundo cando saiban como vas encadernar.

#### **Amígate coa natureza**

Que non coñeces aínda a Alameda, o Campus, o Carme de Abaixo, o río Sarela ou os arredores do Pedroso? Pois non podes demorar máis. Vives nunha cidade marabillosa e non debes perder ningún dos paraísos que che ofrece. Con nós aprenderás a admirala e, tamén, a coidala. Forma parte da nosa brigada ecolóxica e non permitas que ningún destrúa o que é de todos e todas.

#### **Papiroflexia**

Non podes nin imaxinar a cantidade de cousas que se poden facer con papel. O barco, o paxaro ou o avión que fas con dúas dobreces nada teñen que ver con todo o que vas aprender para construír caixas, alfaias ou curiosos animais.

#### **Ven ao Estadio dos Deportes!**

É de esperar que durante todo o ano practiques deportes. Serás visitante con asiduidade das instalacións do Concello e do colexio, mais agora que estamos de verán, a Ferradura Aberta aproveita o bo tempo e a boa compañía para que o deporte sexa máis divertido. E non todo é fútbol!! Aquí tes unha mostra de todo o que podemos practicar:

Esgrima

Tenis de mesa  
Xadrez e xogos de mesa  
Carreiras de orientación  
Rochódromo  
Tiro con arco

### **Xogos con lingua**

A lingua bailando en Ferradura. Porque a nosa cultura, a nosa lingua e a nosa cidade falan, xogan, pintan, sorrín... en galego. Como non estás fóra do mundo e como somos tantos e tan diferentes, máis tamén nos parecemos en moitas cousas, marabíllate con este feixe de propostas:

- Crea a lingua de Compospedra a través dun conto.
- Xogo de culturas con pedras. Camiñar da Ferradura até a Torre de Pisa pasando polos mundos de Disney en París.
- Brincar coa historia. Todo o que pasou en Galiza entra nun taboleiro para xogar.
- Obradoiro para escribir. Vas ser case como Rosalía ou Blanco Amor cos teus primeiros poemas e relatos.
- Procurar palabras. Hai tantas que temos que ir por elas! Mais, atención, tes que adiviñalas ti, con xogos de mimo, lapis de cores, herbas... seguro que atinas.

### **Paseada pola Ferradura**

Sabes quen foi a raíña Lupa? Que nome ten a muller da escultura? Quen son aquelas dúas señoras pintadas que están na entrada da Alameda? Non imaxinas cantos segredos garda a Ferradura pero, connosco e coa nosa lingua, vas **descubrilos** todos.

### **Espazo solidario**

Ao longo da Ferradura Aberta as diferentes organizacións non gobernamentais que traballan en prol da educación para a paz, a convivencia e a solidariedade, teñen á súa disposición este espazo que pretende dar a coñecer o traballo solidario de cada entidade, así como a difusión entre os composteláns e compostelanas, daquelas actividades e propostas que están a promover.

### **Para os máis cativos**

Se tes entre dous e cinco anos, anímate! Temos preparado para ti un cento de xogos no que facer novos amigos e amigas. Comparte as brincadeiras máis divertidas e aprende a experimentar.

### **Queres ir de acampada?**

Se xa cumpriches catro anos e non pasaches dos sete, poderás vir connosco á túa primeira acampada fóra da casa, sen papá nin mamá. Sairemos á tarde para volver á mañá seguinte logo de aprender todo o que necesitas saber para ser un auténtico aventureiro: onde facer o campamento, como montar unha boa tenda de campaña, etc. Ademais xogaremos aos máis emocionantes xogos de campamento. Se queres participar dille aos teus pais que se acheguen á Oficina de Información de Ferradura Aberta e que te apunten ao campamento. Os primeiros que cheguen serán os que se vaian de aventura...

### **Nós tamén coidamos *de papá e mamá...***

Non te preocupes polos teus pais. Brinca, corre, xoga... sen medo a que se perdan. Na Ferradura terán o seu lugar para falar cos outros pais e nais, coñecer todas as actividades que facemos ou simplemente descansar.

### ***Non te cortes...***

Cada día na Ferradura haberá sorpresas e cousas novas que facer. Teremos festas, espectáculos infantís, música, teatro, camiñatas pola cidade, etc. Engádelle tamén o karaoke, contacontos, monicreques, inchábeis, tren turístico e a Olimpiada Ferradura Aberta.

## **¿A QUEN SE DIRIXE?**

Nenos e nenas de 2 a 5 e de 6 a 14 anos con espazos concretos para cada tramo de idade e para as familias.

## **LUGAR**

Paseo da Ferradura do parque da Alameda.

## **DATAS**

Do 13 ao 29 de xullo de 2005.

De luns a venres.

## **HORARIO**

De 17.00 a 20.00 horas.

## **PARTICIPACIÓN**

A participación é libre e de balde. Non precisas máis que achegarte ao paseo da Ferradura na Alameda e dirixirte ás actividades que che interesen.

## **INFORMACIÓN E RECEPCIÓN**

Durante a o desenvolvemento do programa permanecerá aberto un servizo de información e recepción no paseo da Ferradura.

Tamén podes solicitar máis información nos teléfonos do Concello de Santiago de Compostela: 981 554 400 ou 981 528 730.